



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

PROCESO SELECTIVO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PARA CUBRIR AS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021: [Convocatoria DA 6ª e 8ª Lei 20/2021, de 28 de decembro]:

SISTEMA DE CONCURSO. VALORACIÓN DOS MÉRITOS. CUALIFICACIÓNS FINAIS. PERSOAS APROBADAS, LISTAS DE RESERVA

En Ordes, a 28 de agosto de 2024, sendo as once horas e trinta minutos reúnese na Sala de Xuntas, 3º andar, Casa Consistorial, Ordes, o Tribunal que ha de xulgar os **PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO: ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL. SUBESCALA AUXILIAR (SUBGRUPO C2), CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANOS 2022 (SISTEMA DE CONCURSO)**, convocado por resolución de alcaldía nº 1571/2022, de data 19 de decembro de 2022.

Asisten:

- . **Presidente:** Mónica Iglesias Prego, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **1º Vogal:** Javier Siro Suárez Rodríguez. Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **2º Vogal:** José Alberto Moar Tobío, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala de Xestión.
- . **Secretario:** Juan Luis González Iglesias, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Non asiste:

- . **3º Vogal:** María José Nartallo Penas, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, dándose conta seguidamente das reclamacións/alegacións presentadas contra a baremación provisional dos méritos alegados no sistema de concurso.

*Reclamacións presentadas con datas 10/08/2024 - 13/08/2024, rexistros de entrada nº 202499900002246 - 202499900002276, por **ROSEMEIRE DOCAMPO PARDO**, con NIF ***6910**. No relativo á experiencia profesional e antigüidade non foron tidos en conta os certificados de servizos prestados xa presentados ante e

sta administración dende o ano 1992 ata o 2009. Sendo de aplicación o establecido no art. 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), art. 61.2 do R.D. 203/2021, de 30 de marzo e STS 30/05/2022 (RC165/2021).

A Base reguladora 6ª deste proceso selectivo (BOP nº 242, de data 23/12/2022) sinala: "(...) Non obstante, non será necesario presentar documentos que xa estean en poder desta Administración (...)".

Cando un aspirante que concorre a este proceso selectivo indica na relación de méritos que acredita, que aporta xunto coa súa solicitude de participación no mesmo, que non aporta un documento que xa estea en poder desta Administración, de conformidade co establecido no art.



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), debe indicar tamén en que momento e ante que órgano administrativo desta entidade local presentou o citado documento.

A interesada nin no momento de presentación da súa solicitude de participación neste proceso selectivo, nin no período de reclamacións contra a baremación provisional dos méritos aportados, indicou ante que órgano administrativo desta entidade local presentou os certificados de servizos dende o ano 1999 ata o 2009 que menciona na súa relación de méritos, incumprindo a obriga que lle impón este precepto legal, facendo imposible que estes fosen recabados e baremados por este Tribunal.

*Reclamación presentada con data 13/08/2024, rexistro de entrada nº 202499900002271, por **SARA SÁNCHEZ RÍOS**, con NIF ***5795**. Revisión e valoración da experiencia presentada como auxiliar de biblioteca municipal, por ser obtida esta nunha praza de natureza estrutural que foi a que determinou a convocatoria deste concreto proceso selectivo de estabilización de emprego temporal.

De acordo co Anexo II: Táboa de méritos do concurso das Bases reguladoras deste proceso selectivo, son obxecto de valoración como méritos, os servizos prestados como persoal funcionario de carreira ou funcionario interino en corpos ou escalas ou como persoal laboral fixo, persoal laboral indefinido non fixo ou persoal temporal na mesma ou similar categoría profesional á que se opta, na administración local.

Os servizos prestados como persoal laboral temporal como auxiliar de biblioteca foron prestados na mesma ou similar categoría profesional á que se opta, polo que deben ser obxecto de valoración como mérito neste proceso selectivo.

*Reclamación presentada con data 13/08/2024, rexistro de entrada nº 202499900002272, por **CARMEN CANDAL GÓMEZ**, con NIF ***1103**. Non foi tido en conta o certificado de servizos prestados expedido polo Concello de Ordes como auxiliar de biblioteca, que non foi aportado por estar xa en poder desta administración local. Revisión e valoración da experiencia presentada como auxiliar de biblioteca municipal, por ser obtida esta nunha praza de natureza estrutural que foi a que determinou a convocatoria deste concreto proceso selectivo de estabilización de emprego temporal.

Polo Concello de Ordes expedíuse de oficio un certificado de servizos prestados a todo o persoal laboral temporal desta entidade local que reunía os requisitos para poder participar nos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal convocados por resolución de alcaldía nº 1571/2022, de data 19 de decembro de 2022. Certificados que foron entregados a todos e cada un destes traballadores para a súa presentación, no seu caso, xunto coa súa solicitude de participación nestes procesos selectivos como documentación acreditativa dos méritos alegados. Pola interesada non se alegou este mérito, non se aportou o seu certificado acreditativo, nin tampouco se lle indicou a este Tribunal a súa elaboración incumprindo o establecido no art. 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), para que fose recabado este do órgano administrativo que expediu o mesmo.

Tendo en conta o sinalado nos apartados anteriores, o Tribunal acorda:

- Desestimar as reclamacións presentas por Rosemeire do Campo Pardo e Carmen Candal Gómez.
- Estimar a reclamación presentada por Sara Sánchez Ríos revisando a puntuación do mérito experiencia profesional e antigüidade.
- Fixar as valoracións definitivas dos méritos dos aspirantes que concorren a esta convocatoria, que son as seguintes:



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL E ANTIGÜIDADE	FORMACIÓN ACADÉMICA COMPLEMENTARIA	VALORACIÓN TOTAL
BALBAS AGUILAR, RAQUEL	***9698**	2,35	25,00	27,35
CANDAL GOMEZ, CARMEN	***1103**	0,00	0,00	0,00
DOCAMPO PARDO, ROSEMERIE	***6910**	35,50	25,00	60,50
LEMA AMADO, NOELIA MARÍA	***5112**	0,00	25,00	25,00
SANCHEZ RIOS, SARA	***5795**	26,73	25,00	51,73
TELLADO CAMPOS, PATRICIA	***74081**	63,00	25,00	88,00

Seguidamente polo Tribunal pásase á determinación das cualificacións finais do proceso selectivo e determinación da orde de prelación das persoas aspirantes que se propoñen ao órgano de selección para a súa declaración de superación deste (aprobados), así como a persoa aspirante que integrará a listaxe de reserva, que se efectuará de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso-oposición, que é a seguinte:

Cualificacións finais:

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL. SUBESCALA AUXILIAR (SUBGRUPO C2.):

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
TELLADO CAMPOS, PATRICIA	***74081**	88,00
DOCAMPO PARDO, ROSEMERIE	***6910**	60,50
SANCHEZ RIOS, SARA	***5795**	51,73
BALBAS AGUILAR, RAQUEL	***9698**	27,35
LEMA AMADO, NOELIA MARÍA	***5112**	25,00
CANDAL GOMEZ, CARMEN	***1103**	0,00

Proposta de aprobados:

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL. SUBESCALA AUXILIAR (SUBGRUPO C2.):

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
TELLADO CAMPOS, PATRICIA	***74081**	88,00

Listaxe de reserva:

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL. SUBESCALA AUXILIAR (SUBGRUPO C2.):

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
DOCAMPO PARDO, ROSEMERIE	***6910**	60,50

Polo tribunal acórdase publicar as cualificacións finais dos aspirantes, proposta de aprobados e listaxe de reserva do proceso selectivo na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello.

RECURSOS: Contra os acordos anteriores do Tribunal de Selección, poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as doce horas do día ao principio sinalado.

A Presidenta
Mónica Iglesias Prego
(asinado dixitalmente)

O Secretario
Juan Luis González Iglesias